



## CONVOCATORIA PARA REPRESENTANTES DO SECTOR DO PROFESORADO

De conformidade co establecido na Resolución do 20 de setembro de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se establece o calendario para a celebración de eleccións de membros dos consellos escolares de centros docentes sostidos con fondos públicos (DOG 29/09/2021), a Xunta Electoral deste centro, en virtude das atribucións que lle son concedidas pola lexislación vixente, dispón a convocatoria de eleccións ao Consello Escolar, sector de profesores, segundo as seguintes normas:

1. Conforme ao establecido no artigo 41 do Decreto 374/1996, do 17 de outubro (DOG do 21), redactado segundo ao establecido na disposición adicional terceira do Decreto 7/1999, do 7 de xaneiro (DOG do 26), **corresponde elixir no presente proceso electoral a 2 mestres/as**, dun total de cinco que debe ter o Consello Escolar.
2. O censo electoral de mestres estará exposto a partir do 5 de novembro no taboleiro de anuncios da sala de profesores do centro.
3. **As candidaturas correspondentes poderán presentarse a partir do día 8 de novembro ata as 14:00 horas do 15 de novembro de 2021.**
4. A mesa electoral estará formada polo Director do centro, que actuará como presidente, e os profesores de maior e menor idade, actuando esta última coma secretaria.
5. **Cada mestre/a fará constar na papeleta das eleccións un máximo de 1 nome** da lista de candidatos.
6. O voto será directo, secreto e non delegable.
7. Para dar cumprimento ao artigo 35 do referido Decreto 92/1988, do 28 de abril, que establece que en reunión de claustro se proceda a dar lectura das normas legais relativas ao procedemento da elección de representantes dos profesores no Consello Escolar, así como tamén á fixación, en dita reunión, da data de celebración do Claustro Extraordinario para a presentación de candidaturas, convócase Claustro de profesores, a tales efectos, para o día **martes 16 de novembro ás 16:00 horas**.
8. O día da votación será o **martes 23 de novembro**, ás 11:45 h.
9. A Xunta Electoral do centro resolverá as dúbidas e reclamacións que se poidan formular.

No Mosteiro, a 5 de novembro de 2021

O Director e Presidente da Xunta Electoral

Asdo.: ROBERTO ZAPATA RODRÍGUEZ